



TEMAS PRESENTADOS POLA CIG-ENSINO NA ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS

A CIG-Ensino levou á Mesa Sectorial, na rolda de intervencións final, os seguintes temas:

Ausencia de actas da negociación de retribucións.

A CIG-Ensino denuncia que se aprobara nesta sesión da Mesa a acta da reunión do pasado 4 de setembro, mentres segue sen levar á Mesa as actas das actas das **SEIS REUNIÓN DAS NEGOCIACIÓNS DE RETRIBUCIÓN DE FINAIS DE CURSO**. É obvio que non imos ter información oficial desa “ sétima reunión de despachos ” na que dous sindicatos decidiron asinar mais é impresentábel que a estas alturas non exista constancia formal por escrito do que aconteceu nenas seis reunións.

Pago do 100% das baixas após o día 90 para o persoal de MUFACE

Despois de meses de bloqueo por parte da Xunta para poder pagar o complemento até o 100% das retribucións ao persoal de MUFACE que está de baixa máis de 90 días e logo dunha xestión da CIG coa Consellaría de Facenda e a Asesoría Xeral da Xunta, temos información de que está desbloqueado o tema e que existe un informe xurídico que permitirá o cobro desa diferenza. Solicitamos que se faga efectivo canto antes co persoal que reclamou así como con aquelas persoas que desde o 2013 estiveron de baixa máis de 90 días e así poidan recuperar esa diferenza. [A Consellaría confirma a nosa información e di que só está pendente dun trámite administrativo.](#)

Negociación das vacantes nos servizos centrais.

Solicitamos que a negociación de vacantes teña lugar canto antes co obxectivo de que as vacantes provisionais se poidan publicar **antes do 27 de novembro** na web da Consellaría. [A Consellaría informa de que non chegará a tempo esa reunión xa que aínda están a recoller información da Inspección. O único compromiso que adquire é que se coñezan con anterioridade á adxudicación provisional do CXT. Tamén limita a negociación nos servizos centrais aos IES, CPI e CIFP, quedando a negociación das prazas dos corpos restantes \(mestres, EOI, CMUS, EASD...\) nas Xuntas de Persoal.](#)

Oposicións.

Preguntamos pola información difundida despois da comparecencia da conselleira no Parlamento sobre a oferta de emprego e as especialidades. A CIG-Ensino denuncia que a nova conselleira aplique vellas prácticas e traslade propostas sen previa negociación coas OO.SS. Queremos que pase por Mesa esta negociación e que veña con todo tipo de información previa: xubilacións nos próximos anos, persoal interino en cada especialidades, etc.. [A Consellaría confirma que a información foi efectivamente proporcionada na Comisión de Educación do Parlamento mais nin confirma nin desmente que vaian ser esas as especialidades a convocar. Non proporcionan información de cando se traerá a oferta á Mesa.](#)

Portugués.

Vén de aprobarse por unanimidade unha proposta no Parlamento de Galiza para que se convoquen prazas de Português nas oposicións. Queremos saber se se vai cumprir. [A Consellaría cala sobre este tema e amosa descoñecemento sobre ese acordo.](#)

Enchufe no concurso de traslados.

Amosamos a nosa desconformidade polo feito de que a actual conselleira anunciara que se vai recorrer perante o Tribunal Supremo **a sentenza do enchufe dunha docente na Escola de Restauración de Bens Culturais**. Cremos que se trata dunha práctica dilatoria que ensombrece aínda máis o papel xogado pola administración neste caso de nepotismo.

Alertamos da **creba de confianza** que supón para o profesorado galego a actuación neste caso de enchufismo e solicitamos que rematen estas prácticas á hora de xogar coas prazas e especialidades. Así, facémonos eco da desconfianza que xa se estende a outros centros.

[A Consellaría confirma o xa sabido. Recorrerán a sentenza perante o Tribunal Supremo](#) (cos cartos de todas nós).

EOI sen orde de avaliación

A CIG-Ensino critica que a estas alturas do curso as EOI estean sen orde de avaliación. É unha falta de consideración co labor docente e co propio alumnado. [A Consellaría traslada a responsabilidade á Dirección Xeral de Educación e non emite opinión.](#)

Respecto ás especialidades na ESAD de Vigo.

A CIG-Ensino esixe o respecto escrupuloso ás especialidades actualmente existentes no profesorado desta Escola, especialmente en casos nos que a Consellaría puidese pretender modificar o perfil delas (Linguaxe Musical aplicada á Arte Dramática, Danza aplicada á Arte Dramática ou Canto aplicado á Arte Dramática).

[A Consellaría diferenza entre Linguaxe Musical e as outras especialidades, xa que Linguaxe Musical aparece recollida no Real Decreto 989/2000 de especialidades docentes como común a conservatorios e escolas de arte dramática mentres que as outras dúas especialidades si aparecen expresamente.](#)

A CIG estará vixiante, como aconteceu na Escola de Restauración de calquera uso fraudulento nas prazas que se oferten no CXT, tanto neste centro como en calquera outro. Debe respectarse a opinión do centro e das organizacións sindicais.

Discriminación do profesorado de PT e AL en centros con EDIXGAL.

Solicitamos unha rectificación pública e inmediata da Consellaría na negativa de proporcionar **ordenadores EDIXGAL ao profesorado de PT e AL**. [A Consellaría non se pronuncia alegando que depende doutra Dirección Xeral.](#)

Externalización da certificación do coñecemento do inglés

Como xa fixemos público, denunciámos unha vez máis que se promovan certificacións a través dunha entidade privada como o Trinity College en detrimento das competencias das EOI, incidindo na privatización dos servizos públicos

Puntuación de titoría para quen fixo substitucións.

Segundo a información que nos proporcionou o servizo de persoal de Secundaria, non se puntuarán os meses daquelas persoas que substitúen a un titular que exerce funcións de titoría. Entendemos que é discriminatorio co persoal substituto e que se debe puntuar todo traballo feito. Sería suficiente neste caso cunha certificación da dirección do centro. [A Consellaría négase á nosa proposta e informa de que hai ao redor de 100 persoas con ese tempo recoñecido por erro e a quen se lles vai retirar esa puntuación.](#) A CIG-Ensino amosa a súa total oposición a esta medida.

Publicación das listaxes de profesorado con permuta provisional.

Este curso a Consellaría non fixo públicas, como se indica na orde, estas listaxes. Demandamos que se faga e que se nos proporcione a lista das que tiñan que pasar pola Comisión sindical. [A Consellaría recoñece o erro e afirma que as publicará en breve.](#)

Prazas de especialidades de FP en Centros de Educación Especial.

Adxudicáronse 22 prazas de FP en diferentes CEE (Navalon de Compostela, Panxon, Saladino Cortizo de Vigo, Terra de Ferrol, Santa María de Lugo, Infanta Elena de Monforte, María mariño da Coruña). Son especialidades como Cociña, Restauración, Artes Gráficas, Perruquería, Servizos á Comunidade, Estética, Vidro e cerámica ou Agraria. Demandamos que se estas necesidades están consolidadas estas prazas deben ser ofertadas no CXT. [A Consellaría di que para este concurso non o poden facer mais ábrense á posibilidade de que se oferten no concurso do ano que vén, previa negociación e xustificación da necesidade.](#)

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal